

Luciano Puga Blanco, avogado defensor de Curros Enríquez, traduciu mal ó poeta para defendelo ben

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2010]). “Luciano Puga Blanco, avogado defensor de Curros Enríquez, traduciu mal ó poeta para defendelo ben”. En Xoán Carlos Domínguez Alberte (coord.), *En defensa do Poleiro: a voz dos escritores galegos en Celanova reclama o uso público do mosteiro*. Noia (A Coruña): Toxosoutos, 21-23. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/489>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2010). “Luciano Puga Blanco, avogado defensor de Curros Enríquez, traduciu mal ó poeta para defendelo ben”. En Xoán Carlos Domínguez Alberte (coord.), *En defensa do Poleiro: a voz dos escritores galegos en Celanova reclama o uso público do mosteiro*. Noia (A Coruña): Toxosoutos, 21-23.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LUCIANO PUGA BLANCO, AVOGADO DEFENSOR
DE CURROS ENRÍQUEZ, TRADUCIU MAL Ó
POETA PARA DEFENDELO BEN

Xesús Alonso Montero

*Para o Instituto “Celso Emilio Ferreiro” de Celanova,
en lembranza da xornada do 18 de febreiro do 2010,
tan gasalleira para min*

O 4 de agosto de 1880, Curros Enríquez foi condenado en primeira instancia, na audiencia de Ourense, á pena de dous anos, catro meses e un día de prisión correccional, ademais de a duascentas cincuenta pesetas de multa. Ben sabido é cal foi o delicto: un libro. Titulábase *Aires da miña terra*, fora impreso en Ourense meses antes e contiña, segundo o bispo Cesáreo Rodrigo, “proposiciones heréticas, blasfemas, escandalosas y otras que merecen otra censura” (28-6-1880). Así rezaba a denuncia eclesiástica que está na base do proceso contra o poeta.

Tamén é ben sabido que das vinte e unha composicións do volume, tres foron as máis litixiosas: “A igrexa fría”, “Pelegrinos a Roma” e “Mirando ó chau”, moi especialmente esta. Pese á magnífica defensa que fixo en Ourense o avogado Juan Manuel

Paz Novoa, o escritor foi condenado. Meses despois, na audiencia d'A Coruña, quen defendeu a Curros foi Luciano Puga Blanco, avogado que presentou ó tribunal unha tradución en verso “non literal” na que baseou boa parte da súa defensa. Explicáboo deste xeito o ilustre avogado coruñés:

...una traducción... en castellano y en verso, que hemos acompañado a nuestro escrito de defensa; traducción que, aunque pálida y descolorida, interpreta siquiera fielmente el pensamiento del poeta, mientras que la traducción literal que obra en autos, y que la Sala ha oído de labios del relator, por lo mismo que es literal, desnaturalizando el pensamiento y violentando el sentido que Curros Enríquez ha querido dar a sus versos...

Eu estou convencido de que a tradución do avogado Luciano Puga é, nalgúns versos, unha manipulación interesada. Reparemos, sobre todo, nos versos 1-6:

Dios non atopando	No hallaba el Eterno
cousa en que entreterse,	en que entretenerse;
farto de estar solo,	y harto de estar solo,
cavilando sempre	cavilando siempre,
en forxar cadeas	en forjar castigos
traballos e pestes;	<u>que al réprobo enfrenen.</u>

En realidade, a versión, lonxe de ser a dun filólogo empeñado en transmitir o pensamento do poeta, é a dun avogado defensor obstinado en ofrecer unha imaxe de Deus moi pouco negativa, case ortodoxa: Deus non forxa cadeas e pestes para todos os seres humanos; limítase a forxar castigos só para os pecadores, para os “réprobos”.

Hai outros versos que cumpriría examinar, por exemplo:

39 nun bulto que iñoro	un bulto que el bulto
40 si é de home ou de verme	de un hombre parece
	[...]
133 “Leis hai, din os ricos,	“Hay leyes, se dice,
134 que ós probes protexen”	que al pobre protegen”

[...]

157 subir ós altares subir a altos puestos
158 os que á forza deben los que a la horca deben.

Lémbrese que nos primeiros dous versos é o propio Deus quen, ó ver ó Papa, non sabe se se trata dun home ou dun verme.

Celso Emilio Ferreiro, que non exercía de avogado, traduciu, en 1976, os versos litixiosos do primeiro fragmento desta maneira:

en forjar cadenas,
trabajos y pestes.

(Obra poética completa, Madrid, Editora Nacional, p. 181)

Os xuíces da audiencia d'A Coruña ¿admitiron como correcta a tradución de Luciano Puga? Non o sabemos, pero, admitíranos ou non, eses xuíces, de talante máis liberal, estaban dispostos, o 11 de marzo de 1881, a “absolver y absolvemos a don Manuel Curros Enríquez...”

Xesús Alonso Montero

Vigo, 1928. Algúns dos seus ensaios literarios son *Cen anos de literatura galega* (1964), *As palabras no exilio* (1994), *A batalla de Montevideo* (2003), *Curros Enríquez no franquismo (1936-1971)* (2003), *Os escritores galegos ante a Guerra Civil Española* (2007), *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)* (2009).